

HUMANIZACIÓN DA RUA GARCIA LORCA NUMERO DE EXPEDIENTE 3765/440

O alcance do proxecto comprende a humanización da rúa García Lorca, dende o paso de peóns na intersección ca rúa Dr. Darío Durán ata a súa intersección ca Avenida da Florida, cunha lonxitude total de 345 metros e unha superficie de actuación de 6.185,94 m².

Para levar a cabo a renovación e modificación das redes de abastecemento e saneamento existentes é preciso levantar toda a pavimentación, aproveitarase esta actuación para levar a cabo unha renovación completa da rúa, cas seguintes características:

- O acceso rodado manterá o único sentido de circulación. Lévese a cabo a ordeación do aparcamento en ámba-las beirarrúas e habilitando dúas zonas de aparcamento limitado no horario escolar para os pais e o servico de transporte do CEIP Pintor Laxeiro.
- O vial reordenado conserva as pendentes actuais, tanto lonxitudinal como transversal do vial existente, para mante-los accesos as vivendas, pero mellórase o acceso e circulación de persoas con mobilidade reducida ó aumentar os anchos das beirarrúas e mediante o tratamento de pavimentos, incrementando así a supresión de barreiras arquitectónicas. Incorporando aparcamento para persoas con minusvalía e vado, pasos de peóns e sinalización horizontal e vertical.
- A sección da rúa será unha plataforma diferenciada, é dicir, o espacio peatonal e o espacio vehicular estarán a distinto nivel. Ista diferenca será de 6 centímetros, evitando deste xeito que os vehículos poidan remonta-los bordillos.
- A distribución espacial da nova sección viaria será:
 - Tramo 1: único carril de circulación de 4 m de ancho, bandas de aparcamento en batería de 5 x 2.50 m no marxen impar con beirarrúa de anchura variable (mín. 2.20 m) e aparcamento lineal de 5x2.20 m no marxen par con beirarrúa variable (mín. 2.20 m). Co obxectivo de atender ás demandas do CEIP lévese a cabo a ampliación da beirúa a 4.80 m no tramo ubicado diante da entrada ao CEIP dos nenos de infantil.
 - Tramo 2 un único carril de circulación de ancho de 3.5 m con beirarrúas variables cun ancho mínimo de 2.20 m.
- O dispor de mais espacio peatonal e co fin de mellorar la actuación prevista, creanse zonas axardinadas específicas para integra-las illas de contenedores, na área de aparcamento ordeado, así como a renovación do arbolado.
- As accións que se levarán ó cabo na rúa son as seguintes:
 - Renovación completa dos pavimentos da sección completa do vial.
 - Reordenación de espacios.
 - Renovación das instalacións de saneamento (pluviais y fecais), abastecemento, alumeado e rego.
 - Mellora da xardinería e mobiliario existente.

O orzamento de execución por contrata é de 1.459.925,22€ (IVE engadido).

A duración das obras será de oito (8) meses.

Proxecto de humanización en calle García Lorca en Vigo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 11/07/2017 10:04	Páxina 1 de 1
Aprobado en Xunta de Goberno do 23/02/2017	Código de verificación: 2BEB4-848A2-DC3A8-32C25	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		